

IES DE MONTERROSO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

FÍSICA E QUÍMICA

CURSO: 2021-2022

1.- ÍNDICE		Páxina
1	ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN	2
2	CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN	4
3	CONTEXTO	5-11
	3.1. Características do centro e do alumnado.	5
	3.2. Obxectivos da ESO adaptados ao contexto	8
	3.3. Obxectivos do BAC adaptados ao contexto	9
4	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS	12-18
	4.1. Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 2º ESO.	12
	4.2. Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 3º ESO.	13
	4.3. Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 4º ESO.	14
	4.4. Secuenciación e temporalización dos contidos de CAAP 4º ESO.	15
	4.5. Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 1º BAC.	16
	4.6. Secuenciación e temporalización dos contidos de Física de 2º BAC.	17
	4.7. Secuenciación e temporalización dos contidos de Química de 2º BAC.	18
5	RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	20-48
	5.1. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de FQ 2º ESO:	20-23
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	5.2. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de FQ 3º ESO:	24-27
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	5.3. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de FQ 4º ESO:	28-33
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	5.4. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de CAAP 4º ESO:	33-35
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	5.5. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de FQ 1º BAC:	35-40
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	5.6. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de FÍSICA de 2º BAC:	40-44
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	

	5.7. RELACIÓN PARA CADA UNIDADE de QUÍMICA de 2º BAC:	45-48
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
6	METODOLOXÍA DIDÁCTICA:	49
	6.1. Estratexias metodolóxicas	
	6.2. Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
	6.3.- Metodoloxía no ensino non presencial	
7	AVALIACIÓN	
	7.1. Avaliación inicial	53
	Procedemento para a avaliación inicial	
	7.2. Acreditación de coñecementos previos (2º BAC)	53
	7.3. Avaliación continua	54
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	7.4. Avaliación final (ESO- BAC)	55
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares se van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	7.5. Avaliación extraordinaria (ESO- BAC)	58
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	7.6. Recuperación e avaliación de pendentes	58
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
8	OUTRAS AVALIACIÓNS	
	8.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	59
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	8.2. Avaliación da programación didáctica	60
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	61
	9.1. Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares	
	9.2. Medidas extraordinarias: Organizativas e curriculares	
10	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	63
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
11	DATOS DO DEPARTAMENTO	63
12	RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)	63
13	ANEXO COVID	67

2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerio en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios. “Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente” (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	“A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º, 3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... “Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	E a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido/ 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1 .2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

3.- CONTEXTO

3.1.- Características do centro e do alumnado.

- **Características do centro:**

Situación

O IES de Monterroso está situado no núcleo de poboación de Monterroso que limita ó norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei; ó oeste con Palas de Rei e Antas de Ulla; ó este con Portomarín, Taboada e Guntín, e o sur con Taboada e Antas de Ulla.

A extensión do concello de Monterroso é de 114,6 km² e sitúase no Suroeste da provincia de Lugo, practicamente no centro desta. É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez faise máis apreciable o proceso de concentración urbana propio destes tempos.

O concello de Monterroso ten un total de 4529 habitantes. O núcleo urbano, con 1774 h, constitúe o 37,9% da poboación total, en comparación cos 22 núcleos rurais con menos de 100 h. que representan só o 31,1%. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento demográfico e a regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase polo elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbano están implicados ó sector servizos. Tamén hai pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

O Concello de Antas de Ulla, situado na provincia de Lugo a 45 quilómetros da capital provincial, está situado no Centro Xeográfico de Galicia. Limita ó norte con Palas de Rei, ó sur con Taboada e a provincia de Pontevedra, no leste con Monterroso, e no oeste coa provincia de Pontevedra.

Situado na vertente norte da Serra do Farelo, a súa paisaxe, eminentemente marcada polo Monte Farelo (956 m) e o río Ulla, caracterízase por sinuosas montañas que rodean a conca do río, formando unha planicie de suave relevo cuberta por grandes extensións de árbores, sendo os máis característicos os carballos e castiñeiros. Cunha superficie de 104 km² conta con 2600 h distribuídos en 28 parroquias que albergan uns 100 núcleos de poboación.

A economía do municipio basease no sector primario, principalmente agricultura e gandería, que ocupa ó 60% da poboación activa. Compre subliñar a relevancia da gastronomía, con tres produtos que a lideran: o pan de Antas, o queixo da Ulloa e maila carne.

Centros adscritos

A maior parte do alumnado que acude ao centro procede dos centros de primaria adscritos o noso IES, estes centros son: CEIP de Monterroso e CEIP de Antas de Ulla.

Estas dúas poboacións están integradas dentro da comarca da Ulloa, marcada pola configuración natural do río Ulla, vértebra principal que inflúe na distribución territorial da poboación.

Ensinanzas que oferta o centro

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas:

Educación Secundaria Obrigatoria				Primeiro
				Segundo
				Terceiro
				Cuarto
Educación non obrigatoria	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades	Primeiro e segundo
			Modalidade de Ciencias Sociais	
		Modalidade de Ciencias		
	Formación Profesional	Formación Profesional Básica "Informática e Comunicación"		Primeiro
Ciclo Formativo de Grao Medio "Sistemas microinformáticos e de redes"		Primeiro e segundo		

Características singulares

O centro leva organizase dende o curso 2012/2013 con “Aulas Materia”, o que permitiu entre outras cousas a implantación das Bibliotecas de Aula. A avaliación positiva realizada dende entón anímanos a continuar coa súa implantación e a mellorar este xeito de organizarnos.

O IES de Monterroso leva dende o ano 2009 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

En xuño de 2010 participamos no concurso a nivel nacional “Boas Prácticas na Biblioteca Escolar” onde acadamos un segundo premio na modalidade de Ensino Secundario.

Funciona unha “Biblioteca Familiar” que achega títulos relacionados coa educación e a aprendizaxe ás nais e pais do noso alumnado. Este curso funcionaron catro clubs de lectura, dos de rapaces e un de pais/nais, onde o profesorado, os pais/nais e xente do pobo nos mesturamos para gozar da lectura. Na sala do profesorado hai unha biblioteca activa onde o profesorado intercambia e presta os seus títulos preferidos.

Participamos no Plan Abalar.

O centro ten unha sección bilingüe en matemáticas no nivel de 3º e 4º da ESO.

Traballamos co programa para a prevención do acoso escolar “Titoría entre iguais” e neste curso iniciamos o programa “Educación Responsable” un programa formativo en intelixencia emocional para alumnado e profesorado que combinamos cos outros programas nos que intervimos.

No noso centro funciona un equipo de alumnado mediador que participa nos “Encontros anuais do Alumnado Mediador” organizados en Galicia dentro do programa “Vivir xuntos, convivir”.

Dentro dos “Contrato programa” organizamos diversas actuacións: o programa PROA de atención ao alumnado fora do horario escolar; os “Encontros coas familias” nos que organizamos charlas e obradoiros co fin de achegarnos ás familias e reflexionar xuntos sobre a educación dos adolescentes. facer un intercambio construír e enriquecer a comunidade educativa; distintos obradoiros de relaxación, técnicas de estudo, encontros con persoeiros galegos, etc...

O equipo directivo dinamiza e apoia as distintas iniciativas que xorden e está inmerso e comprometido en tódalas actividades que se organizan e nas que participamos.

As actividades propostas serán reflectidas na páxina do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmonterroso/>

- **Características do alumnado:**

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado escolarízase nel.

Os fillos de funcionarios do centro de penitenciaría chegan de todas as rexións ata aquí. Tamén obsérvase un fluxo de emigrantes retornados procedentes do País Vasco e Cataluña. O mesmo tempo, cada ano estase a producir un incremento de inmigrantes procedentes de Portugal e Sudamérica.

Outra institución que aporta alumnado a este centro é a “Casa de Acollida” de menores que atende a menores en situación de desprotección e leva funcionando dende fai moitos anos.

Todas estas familias envían os seus nenos ao único instituto do pobo, o IES de Monterroso, o que contribúe á singularidade e riqueza cultural do noso alumnado.

Achéganse, tamén, ao noso centro educativo, rapaces de concellos fronteirizos, Taboada e Portomarín.

Lingua materna dominante

O alumnado escolarizado no centro é maioritariamente galego falante.

Alumnado con NEAE no curso actual

Un dos aspectos máis salientables é a diversidade inherente as características individuais de cada alumno e alumna. Esta diversidade maniféstase nas diferentes formas de pensar e proceder máis ou menos indutivas, dedutivas, creativas, críticas...É facilmente contrastable a diferenza no dominio dos coñecementos previos que facilitan a adquisición de aprendizaxes de niveis superiores.

Tamén son diversos, entre o alumnado, os contidos de estudo, os métodos de traballo e os niveis de interese e motivación, situación que se fai máis evidente co paso do tempo. Igualmente, son diferentes na capacidade de centrarse no traballo e na cantidade e calidade dos contidos de aprendizaxe.

No centro tamén se escolariza alumnado procedente de minorías étnicas e culturais.

Ademais, das características diferenzas inherentes á totalidade do noso alumnado, podemos sinalar a escolarización no centro de alumnado con Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo. Dentro desta categoría no curso actual está escolarizado o seguinte alumnado:

✓ Alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a alteracións do comportamento por presentar TDAH.

✓ Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións persoais ou historia escolar asociadas con:

- Pertenza a minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable e atraso escolar. .
- Situación sociocultural desfavorable e medidas de protección e tutela.
- Situación sociocultural desfavorable grave.
- Alumno con sospeitas de acoso escolar.
- Problemas de saúde.
- Alumna con antecedentes de longa hospitalización.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Os problemas sociais detectados son: abandono escolar, absentismo, familias desestruturadas, alumnado de integración tardía. De xeito puntual obsérvanse casos de acoso escolar.

Aparte da labor docente, consideramos moi importante a influencia que os docentes exercemos como modelo e guía, nesta etapa tan complexa que é a adolescencia, xa que isto posibilita que as perspectivas do alumnado se amplíen e enriquezan.

3.2.- Obxectivos da ESO adaptados ao contexto.

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	
A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:	
a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns duna sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
l	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
---	--

Obxectivos xerais da materia de Física e Química na ESO	
Tendo en conta os obxectivos xerais de etapa que figuran no PEC do centro, ó final da secundaria o alumnado ha de ser capaz de:	
1	Ter unhas ideas xerais sobre o coñecemento e a aplicación do método científico que lle faga entender a ciencia como algo integrado que se compartimenta en distintas materias para poder afondar nos diferentes aspectos da realidade.
2	Comprender e expresar con propiedade mensaxes científicas orais e escritas. Saber interpretar as representacións da información propias da ciencia, como son diagramas, gráficas, táboas ou expresións matemáticas axeitadas ó nivel da etapa.
3	Utilizar os conceptos básicos da Física e a Química para elaborar unha interpretación científica dos principios fenómenos naturais, así como para analizar e valorar algúns desenvolvementos e aplicacións tecnolóxicas de especial relevancia.
4	Aplicar estratexias persoais, coherentes cos procedementos da ciencia, na resolución de problemas: identificación do problema, formulación de hipóteses, planificación e realización de actividades para contrastalas, sistematización e análise dos resultados e comunicación dos mesmos.
5	Participar na planificación e realización en equipo de actividades científicas, valorando as contribucións propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.
6	Elaborar criterios persoais razoados sobre cuestións científicas e tecnolóxicas básicas da nosa época mediante o contraste e avaliación de informacións obtidas en distintas fontes.
7	Recoñecer e valorar as contribucións da ciencia para mellorar as condicións de existencia dos seres humanos, apreciar a importancia da formación científica, utilizar nas actividades cotiás os valores e actitudes propios do pensamento científico, e adoptar unha actitude crítica e fundamentada ante os grandes problemas que hoxe formulan as relacións entre ciencia e sociedade.
8	Valorar o coñecemento científico como un proceso de construción ligado ás características e necesidades da sociedade en cada momento histórico e sometido a evolución e revisión continua.
9	Aplicar os coñecementos adquiridos para gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.

3.3.- Obxectivos do BAC adaptados ao contexto.

Obxectivos xerais do bacharelato	
O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:	
a	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a responsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
l	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos xerais da materia de Física e Química no bacharelato

A materia de Física e Química contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

1	Analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable.
2	Adquirir as competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo.
3	Manexar ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade.

4	Relacionar os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico. Establecer a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade.
5	Desenvolver a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.
6	Extraer e comunicar conclusións a partir de probas científicas, formular preguntas que a ciencia poida responder e explicar científicamente fenómenos físicos e naturais.
7	Afondar nunha verdadeira cultura científica, baseada na concepción da ciencia como cultura e non só como un conxunto de coñecementos que, estruturados en teorías, poidan ter algunha aplicación máis ou menos útil. Neste sentido, resulta salientable a achega de Física e Química á competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade.
8	Promover actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc.
9	Valorar e respectar o traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.
10	Empregar as TIC. Usar aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.
11	Elaborar e defender traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permitan afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, tendo como obxectivo desenvolver a aprendizaxe autónoma destes.
12	Traballar en equipo, desenvolver a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións, tarefas todas elas propias da actividade científica, propician, nos contextos adecuados, o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, sen a que non se entendería o progreso da ciencia.
13	Aprender a aprender, cómpre indicar que se algo caracteriza a actividade científica é a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia. En unión a procesos tales como a reflexión sobre si mesmo/a como estudante, sobre a tarefa para desenvolver ou sobre as estratexias para aprender, que propician todas as disciplinas, Física e Química achega unha estratexia, o método científico, nomeadamente relevante no proceso de adquisición de coñecementos.
14	Utilizar a linguaxe propia das ciencias (interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación, etc.).

4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

4.1.-Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 2º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA	1	Set Out	10	
		B1.1	Método científico: etapas.				
		B1.2	Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.				
		B1.3	Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.				
		B1.4	Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.				
		B1.5	Traballo no laboratorio.				
		B1.6	Procura e tratamento de información				
	B1.7	Proxecto de investigación	X				
	2	B2	BLOQUE 2: A MATERIA	2	Out Nov	14	
		B2.1	Propiedades da materia.				
		B2.2	Aplicacións dos materiais.				
		B2.3	Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético –molecular.				
		B2.4	Leis dos gases.				
		B2.5	Substancias puras e mesturas.				
B2.6		Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.					
	B2.7	Métodos de separación de mesturas.	3	Nov Dec	14	X	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
2ª Avaliac.	3	B3	BLOQUE 3: OS CAMBIOS	5	Xan Feb	12	
		B3.1	Cambios físicos e cambios químicos.				
		B3.2	Reacción química.				
	B3.3	A química na sociedade e no ambiente.	X				
	4	B4	BLOQUE 4: O MOVIMENTO E AS FORZAS	6	Feb Mar	12	
		B4.1	Forzas: efectos.				
		B4.2	Medida das forzas,				
		B4.3	Velocidade media.				
		B4.4	Velocidade instantánea e aceleración.				
		B4.5	Máquinas simples.				
		B4.6	O rozamento e os seus efectos,				
B4.7		Forza gravitatoria.					
	B4.8	Estrutura do Universo.		Mar	10		
B4.9	Velocidade da luz.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões	
3ª Avaliac.	5	B5	BLOQUE 5: ENERXÍA	7	Abril Maio	13	
		B5.1	Enerxía: unidades.				
		B5.2	Tipos de enerxía.				
		B5.3	Transformacións da enerxía.				
		B5.4	Conservación da enerxía.				X
		B5.5	Enerxía térmica; calor e temperatura.				
		B5.6	Escalas de temperatura.				
		B5.7	Uso racional da enerxía.				
		B5.8	Efectos da enerxía térmica.				
		B5.9	Fontes de enerxía.				
	B5.10	Aspectos industriais da enerxía.		Xuño	9	X	

4. 2.- Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 3º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA	1	Set Out	6	
		B1.1	Método científico: etapas.				
		B1.2	Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.				
		B1.3	Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.				
		B1.4	Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica.				
		B1.5	Erros.				
		B1.6	Traballo no laboratorio.				
		B1.7	Procura e tratamento da información.				
	B1.8	Proxecto de investigación.	X				
	2	B2	BLOQUE 2: A MATERIA	4	Out	6	
		B2.1	Estrutura atómica. Modelos atómicos.				
		B2.2	Isótopos.				
		B2.3	Aplicacións dos isótopos.	5	Nov	9	
		B2.4	Sistema periódico dos elementos.				
		B2.5	Unións entre átomos: moléculase cristais.				
B2.6		Masas atómicas e moleculares.					
B2.7		Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicase biomédicas.					
B2.8	Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	6	Dec	6	X		

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	3	B3	BLOQUE 3: OS CAMBIOS	6	Xan Feb	10	
		B3.1	Reacción química.				
		B3.2	Cálculos estequiométricos sinxelos.				
		B3.3	Lei de conservación da masa.				
		B3.4	Velocidade de reacción.				
	B3.5	A química na sociedade e no ambiente.	X				
	4	B4	BLOQUE 4: O MOVEMENTO E AS FORZAS	8	Feb Mar	12	
		B4.1	Carga eléctrica.				
		B4.2	Forza eléctrica.				
		B4.3	Imans. Forza magnética.				
		B4.4	Electroimán.				
		B4.5	Experimentos de Oersted e Faraday.				
B4.6		Forzas da natureza.	X				

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	5	B5	BLOQUE 5: ENERXÍA	9	Abril Maio Xuño	20	
		B5.1	Fontes de enerxía.				
		B5.2	Uso racional da enerxía.				
		B5.3	Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.				
		B5.4	Transformacións da enerxía.				
		B5.5	Dispositivos electrónicos de uso frecuente.				
		B5.6	Tipos de enerxía.				
B5.7	Aspectos industriais da enerxía.	X					

4. 3.- Secuenciación e temporalización dos contidos de FQ 4º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA	1	Setem Out	8	
		B1.1	Investigación científica.				
		B1.2	Magnitudes escalares y vectoriais.				
		B1.3	Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.				
		B1.4	Erros na medida.				
		B1.5	Expresión de resultados.				
		B1.6	Análise dos datos experimentais.				
		B1.7	Tecnoloxías da información e a comunicación no traballo científico.				
	B1.8	Proxecto de investigación.					
	2	B2	BLOQUE 2: A MATERIA	2	Out	10	
		B2.1	Modelos atómicos.				
		B2.2	Sistema periódico e configuración electrónica.	3			
		B2.3	Enlace químico: iónico, covalente e metálico.				
		B2.4	Forzas intermoleculares.	4			
B2.5		Fomulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.	Nov				10
B2.6	Introducción á química orgánica.	6	Nov Dec	10	X		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	3	B3	BLOQUE 3: OS CAMBIOS	5	Xan Feb	15	
		B3.1	Reacción e ecuacións químicas.				
		B3.2	Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.				
		B3.3	Cantidade de substancia: mol.				
		B3.4	Concentración molar.				
		B3.5	Cálculos estequiométricos.				
	B3.6	Reaccións de especial interese.		X			
	4	B4	BLOQUE 4: O MOVEMENTO E AS FORZAS	7	Feb Mar	19	
		B4.1	Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.				
		B4.2	Natureza vectorial das forzas.	8			
		B4.3	Leis de Newton.	9			
		B4.4	Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.				
		B4.5	Lei da gravitación universal.	10			
		B4.6	Presión.				
B4.7		Principios da hidrostática.	11				
B4.8	Física da atmosfera.			X			

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	5	B5	BLOQUE 5: A ENERXÍA	12	Abril Maio Xuño	30	
		B5.1	Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación.				
		B5.2	Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.				
		B5.3	Traballo e potencia.				
		B5.4	Efectos da calor sobre os corpos.				
B5.5	Máquinas térmicas.						

4.4.- Secuenciación e temporalización dos contidos de CAAP 4º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS	1, 2, 3, 4	Set Out Nov Dec	26	
		B1.1	Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.				
		B1.2	Aplicación do método científico aos traballos de laboratorio.				
		B1.3	Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo experimental do laboratorio.				
		B1.4	Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.				X
		B1.5	Técnicas e procedementos de desinfección de materiais en distintos sectores.				
	B1.6	Análise da aplicación da ciencia en campos profesionais directamente relacionadas con Galicia.	X				

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	2	B2	BLOQUE 3: APLICACIÓN DA CIENCIA NA CONSERVACIÓN AMBIENTAL	5, 6, 7, 8	Xan Feb Mar	20	
		B2.1	Contaminación: concepto e tipos.				
		B2.2	Contaminación atmosférica: orixe, tipos e efectos.				
		B2.3	Contaminación do solo.				
		B2.4	Contaminación da auga.				
		B2.5	Calidade da auga: técnicas de tratamento e depuración.				
		B2.6	Contaminación nuclear.				X
		B2.7	Análise sobre o uso da enerxía nuclear.				
		B2.8	Xestión dos residuos.				
		B2.9	Normas básicas e experimentais sobre química ambiental.				
		B2.10	Xestión do planeta e desenvolvemento sustentable.				
B2.11	Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo.	X					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
3ª Avaliac.	3	B3	BLOQUE 3: INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+d+i)	9	Abril/ Maio	12	
		B3.1	Concepto de investigación, desenvolvemento e innovación, e etapas do ciclo I+D+i.				
		B3.2	Tipos de innovación. Importancia para a sociedade.				
		B3.3	Papel das administracións e dos organismos estatais e autonómicos no fomento da I+D+i.				
		B3.4	Principias liñas de I+D+i actuais para o sector industrial.				
	B3.5	Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.	X				
	4	B4	BLOQUE 4: PROXECTO DE INVESTIGACIÓN		Maio/ Xuño	10	
		B4.1	Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.				
		B4.2	Artigo científico. Fontes de divulgación científica.				
		B4.3	Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.				X

4.5.- Secuenciación e temporalización dos contidos de 1º BAC

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probos avaliación	
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões		
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA					
		B1.1	Estratexias necesarias na actividade científica	1	Set	8		
		B1.2	Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico					
	B1.3	Proxecto de investigación						
	2	B2	BLOQUE 2: ASPECTOS CUANTITATIVOS DA QUÍMICA		2 3 4 3 3 4	Out Nov	20	
		B2.1	Revisión da teoría atómica de Dalton	2				
		B2.2	Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais	3				
		B2.3	Determinación de fórmulas empíricas e moleculares	4				
		B2.4	Disolucións: Formas de expresar a concentración e preparación	3				
		B2.5	Propiedades coligativas	3				
	B2.6	Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopia e espectrometría	4		X			
	3	B3	BLOQUE 3: REACCIÓN QUÍMICAS		5	Nov Dec	20	
		B3.1	Estequiometría das reaccións					
B3.2		Reactivo limitante e rendemento dunha reacción						
B3.3		Química e industria		X				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probos avaliación	
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões		
2ª Avaliac.	4	B4	BLOQUE 4: TRANSFORMACIÓN ENÉRCÉTICAS E ESPONTANEIDADE DAS REACCIÓN QUÍMICAS					
		B4.1	Sistemas termodinámicos	6	Xan Feb	15		
		B4.2	Primeiro principio da termodinámica. Enerxía interna					
		B4.3	Entalpía. Ecuación termoquímicas					
		B4.4	Lei de Hess					
		B4.5	Segundo principio da termodinámica. Entropía					
		B4.6	Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs					
	B4.7	Consecuencias sociais y ambientais das reaccións químicas de combustión					X	
	5	B5	BLOQUE 5: QUÍMICA DO CARBONO		7 8	Feb Mar	15	
		B5.1	Enlaces do átomo de carbono					
		B5.2	Compostos de carbono: hidrocarburos					
		B5.3	Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos do carbono					
		B5.4	Compostos do carbono nitróxenos e os xenados					
		B5.5	Isomería estrutural					
	B5.6	Petróleo e novos materiais						
	B5.7	Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono		X				
	6	B6	BLOQUE 6: CINEMÁTICA		9 10 9	Mar	15	
		B6.1	Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo					
		B6.2	Movimentos rectíneos	9				
		B6.3	Movemento circular					
		B6.4	Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado	10				
B6.5	Descrición do movemento harmónico simple	9		X				

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probos avaliación	
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões		
3ª Avaliac.	7	B7	BLOQUE 7: DINÁMICA					
		B7.1	A forza como interacción	11 12	Abril/ Maio	20		
		B7.2	Leis de Newton					
		B7.3	Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados					
		B7.4	Forzas elásticas. Dinámica do MHS					
		B7.5	Sistemas de dúas partículas					
		B7.6	Conservación do momento lineal e impulso mecánico					
		B7.7	Dinámica do movemento circular uniforme					
		B7.8	Leis de Kepler					
		B7.9	Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular					
		B7.10	Lei de gravitación universal					
	B7.11	Interacción electrostática: lei de Coulomb					X	
	8	B8	BLOQUE 8: ENERXÍA		13 14	Maio/ Xuño	20	
		B8.1	Enerxía mecánica e traballo					
		B8.2	Teorema das forzas vivas					
B8.3		Sistemas conservativos						
B8.4	Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple							
B8.5	Diferenza de potencial eléctrico		X					

4.6.- Secuenciación e temporalización dos contidos de Física 2º BAC

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación				
	Tema/ U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións					
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA								
		B1.1	Estratexias propias da actividade científica.								
- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- A realización de actividades por parte do alumnado é esencial, posto que cumpren os obxectivos seguintes:
 - Afianzan a comprensión dos conceptos e permiten ao profesorado comprobalo.
 - Son a base para o traballo cos procedementos característicos do método científico.
 - Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.
- Realización de actividades de diverso tipo seleccionadas seguindo os seguintes criterios:
 - Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
 - Que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
 - Que estean perfectamente interrelacionadas cos contidos teóricos.
 - Que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
 - Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos; traballar os procedementos (textos, gráficos, problemas, cuestións), desenvolver actitudes que colaboren á formación humana e atender á diversidade na aula (distinto grao de dificultade).
 - Que dean unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.
 - Que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados coa súa contorna.

Avaliación:

A corrección das actividades (caderno, exposicións orais, probas escritas, traballos en grupo, ...) fomenta a participación do alumnado en clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

6.2.- Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Faranse pequenos grupos para traballar en equipo, os grupos estarán formados por dous, tres ou catro alumnos, dependendo do tipo de actividade.

A existencia dun número limitado de instrumentos de laboratorio condicionará o número de alumnos por grupo para a realización das prácticas.

2. Tempos

Organizarase o tempo para poder atender a tódolos aspectos mencionados anteriormente. Tendo en conta que este é limitado as actividades propostas terán un tempo determinado para a súa realización.

3. Espazos

O uso do espazo estará condicionado polo tipo actividade que se realice e a posibilidade de dispoñer deste: aula de Física e Química, biblioteca, laboratorios e aula de informática.

4. Materiais

- Os materiais poden ter diferentes pretensións como orientar, guiar, exemplificar, ilustrar, propoñer, divulgar... Neste senso utilizaranse libros de consulta, artigos de prensa, revistas científicas, revistas de divulgación científica, materiais audiovisuais (ordenadores, impresoras, DVD, CD, canón de imaxe) etc.
- Un aspecto fundamental da Física e Química son os traballos prácticos de laboratorio, polo que o material deste é imprescindible. Os alumnos e alumnas deseñarán e realizarán actividades sinxelas, tanto no laboratorio de Física coma no de Química, que teñan como obxectivo a familiarización co método científico.
- O caderno de clase no que os alumnos/as organizarán o seu traballo seguindo determinadas normas.
- Fotocopias sobre aspectos teóricos e prácticos que complementen o libro de texto (actividades de reforzo e ampliación, textos científicos, gráficos, esquemas, representacións de obxectos ou procesos naturais...)
- O libro de texto será utilizado como material de consulta e apoio.
- As guías didácticas que acompañan a tódolos libros de texto propoñen en cada unidade didáctica actividades e materiais que se poden utilizar para reforzar ou ampliar os coñecementos e acadar os obxectivos propostos.
- Realizaranse outras actividades de reforzo con material didáctico preparado polo profesor da área con ese fin.

Libro de texto de 2º ESO fixado no curso 2016/17:

- Nome: Física y Química 2º ESO
- Editorial: McGrawHill Education
- Ano publicación: 2016
- ISBN: 978-84-486-0902-3
- Idioma: Castelán
- Autores: E. Andrés, F. Larrondo, A. Rodríguez y F. Martínez

Libro de texto de 3º ESO fixado no curso 2015/16:

- Nome: Física y Química ESO3
- Editorial: Código Bruño
- Ano publicación: 2015
- ISBN: 978-84-696-1020-6
- Idioma: Castelán
- Autores: Rafael Jiménez Prieto y Pastora María Torres Verdugo

Libro de texto de 4º ESO fixado no curso 2016/17:

- Nome: FQ 4
- Editorial: Vicens Vives
- Ano publicación: 2016
- ISBN: 978-84-682-3664-3

- Idioma: Castelán
- Autores: Á. Fontanet Rodríguez e M^a J. Martínez

Libro de texto de 4º ESO fixado no curso 2016/17:

- Nome: CAAP 4 (Ciencias aplicadas á actividade profesional)
- Editorial: Vicens Vives
- Ano publicación: 2016
- ISBN: 978-84-682-3900-2
- Idioma: Galego
- Autores: M^a D. Torres, H. Argüello, M. Olazabal e A. Santos

Libro de texto de 1º BAC fixado no curso 2015/16:

- Nome: FQB Física y Química
- Editorial: Vicens Vives
- Ano publicación: 2015
- ISBN: 978-84-682-3054-2
- Idioma: Castelán
- Autores: Á. Fontanet Rodríguez e M^a J. Martínez

Libro de texto de Química de 2º BAC fixado no curso 2016/17:

- Nome: Química 2º BAC
- Editorial: Baía Edicións
- Ano publicación: 2016
- ISBN: 978-84-9995-196-6
- Idioma: Galego
- Autores: Manuela Domínguez Real

5. Recursos didácticos

- A utilización das TIC aplicadas ó ensino da Física e a Química constitúe un material de apoio adecuado como instrumento para reforzar os coñecementos.
- Material didáctico de aula: dicionarios, guía de experiencias, mapas temáticos, revistas e artigos de divulgación, etc.
- Libros de lectura ou revistas relacionadas coa materia.
- Xornais ou outras publicacións periódicas divulgativas nas súas seccións sobre ciencia-tecnoloxía- sociedade.

6.3.- METODOLOXÍA NO ENSINO NON PRESENCIAL

No caso de que nalgún momento do curso sexa necesario implementar o ensino non presencial, empregaranse a aula virtual e a plataforma Webex como ferramentas fundamentais; ou ben, outras aplicacións similares e coa mesma finalidade se así é acordado entre o profesorado e o alumnado. A través das videoconferencias o profesorado explicará os conceptos fundamentais para o desenvolvemento das unidades didácticas. Ditas explicacións apoiaranse no libro de texto, presentacións, vídeos, material elaborado polo profesor, etc. que estará a disposición do alumnado na aula virtual do centro. De igual modo, as actividades e tarefas que o alumnado deberá elaborar serán indicadas en dita plataforma, así como o prazo e modo de entrega.

A metodoloxía de traballo seguirá os seguintes pasos de modo xeral (ver **Anexo**):

1. A través da aula virtual e do correo electrónico o alumnado disporá dos contidos necesarios así como das súas actividades correspondentes.
2. Explicación/repaso de contidos teóricos e exemplos prácticos por medio de videoconferencias, vídeos tutoriais, presentacións, esquemas, etc. , respectando, sempre que sexa posible, o número de horas de docencia que xa había cos grupos.
3. Resolución polo alumnado dos exercicios, problemas ou traballos propostos polo/a profesor/a. Neste proceso poderán consultar ao profesor/a calquera dúbida que poda xurdir. Para a resolución de dúbidas o alumnado pode facer uso da mensaxería das citadas plataformas así como do correo electrónico do profesorado correspondente.
4. Recollida de ditas tarefas para a súa corrección e valoración e/ou realización dunha proba telemática.

No caso de que algún alumno/a non dispoña de conectividade, o/a profesor/a e o/a alumno/a en cuestión acordarán outra metodoloxía de traballo que permita ao alumno desenrolar as mesmas tarefas co resto dos seus compañeiros, sen que a brecha dixital supoña ningún prexuízo para el/ela.

O profesorado informará ao titor do grupo e este a Xefatura de Estudos cando se dean as seguintes situacións:

- alumnado con problemas de rede.
- alumnado que non contacta ou non realiza as tarefas.

7.- AVALIACIÓN

7.1.- Avaliación inicial

En que data se realizará?

Realizarase no primeiro mes do curso escolar.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Estará formada por preguntas variadas (tipo test, preguntas e respostas, e interpretación de imaxes, esquemas e gráficos) tomando como base os obxectivos e contidos mínimos do nivel anterior, centrándose en aqueles que se consideren fundamentais para a aprendizaxe posterior.

Como se informará á familia?

A familia informase mediante entrevista persoal.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Esta avaliación terá como obxectivo fundamental indagar sobre o nivel de desenvolvemento que presenta cada alumno e o grupo en xeral, en relación coas competencias clave e os contidos dos distintos temas da materia. Así poderemos axear o proceso de ensino-aprendizaxe as características do alumnado.

A avaliación inicial será o punto de referencia para adoptar medidas de reforzo para aqueles alumnos que as precisen.

7.2.- Acreditación de coñecementos previos (2º BAC)

Que procedemento se seguirá?

Para poder cursar a Física e a Química en 2º de Bacharelato é preciso acreditar os coñecementos previos de física e química de primeiro. Esta acreditación realizarase mediante unha proba coas mesmas características que a proba extraordinaria da materia de Física e Química de 1º BAC..

7.3.- Avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, tantas por trimestre ou avaliación, etc.)?

- Realizaranse unha ou varias probas por trimestre.
- En cada proba entrarán os contidos impartidos ata o momento da proba e non avaliados anteriormente, se ben poden ser necesarios para o desenvolvemento da mesma coñecementos impartidos con anterioridade e xa avaliados.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación.

Ponderación, redondeo, ...

Probas escritas:

- O número de preguntas de cada proba poderá ser variable, en xeral, comprendido entre catro e dez, salvo exame tipo test ou cuestionario.
- Nunha proba poderanse presentar dúas opcións, coa fin de que o alumno elixa unha delas (A ou B).
- A puntuación de cada pregunta non será maior de tres puntos, dependendo da mesma da complexidade da pregunta, salvo exame tipo test ou cuestionario.
- A puntuación máxima de cada proba será de dez puntos, e a puntuación de cada pregunta aparecerá de forma explícita na mesma no caso de que non todas sexan igualmente cualificadas.
- O tempo de realización das probas será de 50 minutos, agás nas probas extraordinarias, onde o tempo de realización virá fixado desde xefatura de estudos. Neste caso o contido das probas axustarase ó tempo de realización das mesmas.
- No caso de que no exame se presenten dúas opcións (A e B) para elixir unha, e o alumno conteste a preguntas das dúas opcións sen decantarse só por unha, será obxecto de avaliación a primeira opción (A) non sendo corrixiadas nin avaliadas as preguntas correspondentes á segunda opción (B).
- Para obter unha avaliación positiva será necesario obter un cinco na proba. En caso contrario o alumno deberá recuperar a materia correspondente a dita proba.

Cualificación das probas escritas:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos e procesos, os pasos seguidos, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe física e química.
- Os erros graves de concepto levarán a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualifícanse independentemente do resultado do devandito apartado.
- Cando a resposta deba ser razoada ou xustificada, non facelo supoñerá unha puntuación de cero no apartado correspondente. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, pode ser valorada cun 0 se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu o devandito resultado.
- Os erros nas unidades ou non poñelas descontará un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerarase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.

A cualificación dos exames representará o 90% da nota, por tratarse de probas que permiten coñecer de forma obxectiva o grao de consecución dos obxectivos.

A cualificación do traballo diario terase en conta para a determinación da nota da avaliación nunha porcentaxe do 10%.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Consideraranse, para a determinación da nota de avaliación os seguintes criterios:

- A media aritmética das probas escritas representará o 90% da nota.
- A observación do traballo na aula representará o 10 %.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

- A presentación dos traballos con limpeza e orde, e no momento en que estes sexan requiridos.
- A actitude do/a alumno/a na aprendizaxe da materia (atención, traballo, comportamento e autonomía).
- A participación nos debates e traballos en grupo que se realicen.
- O traballo en equipo no laboratorio.
- A correcta ortografía en traballos e exames.
- O progreso do alumno ó longo do curso académico.

Como se recupera unha proba non superada?

Logo de propoñer e corraxir actividades de reforzo, realizaranse probas de recuperación para a materia non superada, coas mesmas características e condicións para a súa superación que as probas ordinarias.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Mediante actividades de reforzo e realización dunha proba de avaliación trimestral coas mesmas características e condicións para a súa superación que as probas ordinarias.

7.4.- Avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

Tódolos alumnos que non alcancen o cinco na media aritmética de tódalas avaliacións.

En que consistirá a proba ?

Será unha proba para avaliar o grao de consecución dos obxectivos de todo o curso coas mesmas características e condicións para a súa superación que as probas ordinarias.

Que estándares se van avaliar? Os das avaliación pendentes, todos, ...

Os estándares imprescindibles de todo o curso.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

A nota de xuño destes alumnos/as será o resultado de sumar o 90 % da nota deste exame final máis o 10% da media aritmética dos puntos dados pola observación do traballo na aula o longo das tres avaliacións.

Que criterios segue o centro para a promoción?

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E REPETICIÓN DA ESO NA LOMCE.

↪ ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (Cursos 1º ESO e 3º de ESO).

O Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato en Galicia, establece no artigo 23 as condicións xerais de promoción e repetición, e deixa a criterio dos centros certa autonomía para regular a excepcionalidade, é dicir establecer as circunstancias ou condicións, **de promoción con 3 materias suspensas e que simultaneamente se dean certas condicións e con 2 materias suspensas Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.**

CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

a) Condicións xerais:

- Cando o alumnado supere todas as materias cursadas.
- Cando o alumnado teña nas materias cursadas, 2 materias avaliadas negativamente que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- O alumnado que promocióne sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

b) Condicións excepcionais.

Poderá autorizarse de modo excepcional a promoción do alumnado nas seguintes situacións:

Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado con avaliación negativa en 3 materias cando se dean simultaneamente as seguintes condicións:

- Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas,

Aprobado en CCP e Claustro, excepcións:

Por causa de forza maior xustificada pola que non poda acudir aos exames de setembro.

Posibilidade de continuidade de estudos ou de evolucionar positivamente nos casos de:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, ▪ Que se apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. 	<ul style="list-style-type: none"> • Períodos prolongados de hospitalización • Operación cirúrxica. • Falacemento familiares 1º grao. • Alumnado de orixe estranxeiro con Linguas suspensas.
<p>Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado con avaliación negativa en 2 materias cando son simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.</p> <p>“cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador”.</p>	<p>As anteriores excepcionalidades teranse en conta sempre e cando a suma das notas das materias pendentes/suspensas non sexa inferior a:</p> <p>2 materias...7</p> <p>3 materias...10</p> <p>Non cabe excepcionalidade cando se de calquera destas circunstancias:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As materias suspensas son catro. • Abandono manifesto nalgunha das materias suspensas.

CRITERIOS DE REPETICIÓN.

a) Condicións xerais:

En relación aos cursos.

- Quen non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso.
- Pódese repetir o mesmo curso unha soa vez.
- Pódese repetir dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos cumpridos no ano no que finalice o curso).
- Excepcionalmente, poderase repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.
- A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomárase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades do alumno.

En relación ao número de materias.

- Alumnado con avaliación negativa en 3 ou máis materias.
- Alumnado con avaliación negativa en 2 materias que sexan Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E REPETICIÓN NO BACHARELATO LOMCE.

BACHARELATO (Cursos 1º).

O Decreto 86/2015, artigo 35 as condicións de promoción e repetición do alumnado de Bacharelato

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE 1º DE BAC A 2º DE BAC.

- Alumnado que supere todas as materias.
- Alumnado que teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- O alumnado que promocióne de 1º de Bac a 2º de Bac con materias pendentes, deberá matricularse en 2º curso das materias pendentes de primeiro.

Para efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

CRITERIOS DE REPETICIÓN.

En relación aos cursos.

- O alumnado poderá repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo.
- Excepcionalmente, poderá repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente.

▪

En relación ao número de materias.

- O alumnado que teña máis de dúas materias suspensas.

7.5.- Avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

O período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, dedicárase á preparación e realización de probas extraordinarias así como a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para estes alumnos e aqueles que superaron a materia na avaliación ordinaria.

Por tratarse dunha convocatoria extraordinaria, e tal como se contempla na lexislación, para a avaliación do alumnado só se terá en conta a proba realizada polo alumnado en dita convocatoria extraordinaria.

Será unha proba para avaliar o grao de consecución dos estándares imprescindibles de todo o curso coas mesmas características e condicións para a súa superación que as probas ordinarias.

- O número de preguntas poderá ser variable, en xeral, comprendido entre seis e doce.
- Nunha proba poderanse presentar ó alumnado dúas opcións, coa fin de que o mesmo elixa unha delas (A ou B).
- A puntuación de cada pregunta non será maior de dou puntos.
- A puntuación máxima de cada proba será de dez puntos, e a puntuación de cada pregunta aparecerá de forma explícita na mesma no caso de que non todas sexan igualmente cualificadas.
- O tempo de realización virá fixado por xefatura de estudos. O contido das probas axustarase ó tempo de realización das mesmas.
- No caso de que no exame se presenten dúas opcións (A e B) para elixir unha, e o alumno conteste a preguntas das dúas opcións sen decantarse só por unha, será obxecto de avaliación a primeira opción (A) non sendo corrixidas nin avaliadas as preguntas correspondentes á segunda opción (B).
- Para obter unha avaliación positiva será necesario obter un cinco na proba.

Como se cualifica, redondeos, etc?

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos e procesos, os pasos seguidos, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe física e química.
- Os erros graves de concepto levarán a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado.
- Cando a resposta deba ser razoada ou xustificada, non facelo supoñerá unha puntuación de cero no apartado correspondente. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, pode ser valorada cun 0 se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu o devandito resultado.
- Os erros nas unidades ou non poñelas descontará un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerárase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.

A cualificación na avaliación extraordinaria será a nota do exame.

7.6.- Recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

- O alumnado poderá solicitar do departamento as orientacións que precise.
- Haberá a súa disposición material bibliográfico, exercicios, etc, para cada unha das materias.
- Poderá solicitar axuda para resolver as súas dúbidas ós membros do departamento.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

- A materia obxecto de exame será a que figura na programación anual do centro correspondente ó curso 2018/19. Os contidos e os criterios de avaliación están a súa disposición no departamento de física e química e na xefatura de estudos do centro.
- Informarase a estes alumnos de que deberán presentarse á realización de probas extraordinarias (maio e xuño) para superar a materia pendente.
- A convocatoria oficial farase pública no taboleiro de anuncios de secretaria e no do alumnado.
- Realizaranse en horario fixado por xefatura de estudos, e o exame será único.

- O alumnado con materias pendentes, ademais das probas anteriores, poderá optar por fragmentar a materia ou materias pendentes en dúas partes examinándose dunha parte en xaneiro e da outra en abril, á volta das vacacións de Nadal e de Semana Santa, respectivamente.
- Estes dous exames son voluntarios e servirán para eliminar materia en caso de ser aprobados. En caso contrario, deberán presentarse á realización de probas extraordinarias (maio e xuño).
- Todas estas datas poderán ser cambiadas si aparecen ó longo do curso novas normas por parte da administración ou por acordo entre o alumnado pendente e o profesorado que realiza as probas.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

No caso de realizar dúas probas a cualificación será a media aritmética das dúas.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

Terá as mesmas características que a proba de avaliación extraordinaria da materia correspondente.

Como se cualifica, redondeos, etc?

Seguindo os mesmos criterios de avaliación que na proba de avaliación extraordinaria da materia correspondente.

8.- OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				

8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará

Cando se considere necesario segundo as características particulares de cada grupo, como mínimo anualmente.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Centrarémonos nos estándares imprescindibles.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				

27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

9.1.- Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria?</p> <p>4. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p>

<p>Lectura e comprensión da parte do libro de texto, que estamos traballando na aula, e realización dos exercicios correspondentes.</p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais?</p>	<p>Non.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>
<p>Observacións:</p>	

Medidas de atención á diversidade no presente curso

9.2.- Medidas extraordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>Non.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>Existe un grupo en 3º ESO.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios,</p>

4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?	adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc
Observacións:	

10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAORDINARIAS

Non están previstas actividades neste curso.

11.- DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Ámbito científico-matemático PMAR	2º ESO	A	Mouriz Lamas, Luis
Física e Química	2º ESO	A	Muñoz Mato. Luis A.
Física e Química	3º ESO	A, B	Muñoz Mato. Luis A.
Física e Química	4º ESO	A	Muñoz Mato. Luis A.
Ciencias aplicadas á actividade profesional	4º ESO	A	Mouriz Lamas, Luis
Física e Química	1º BAC	A	Mouriz Lamas, Luis
Física	2º BAC	A	Muñoz Mato. Luis A.
Química	2º BAC	A	Mouriz Lamas, Luis
Ciencias aplicadas- FPB	FPB I		Muñoz Mato. Luis A.

12.- RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Páxina
a	Introdución e contextualización	5-11
b	Contribución ás competencias básicas	20-48
c	Concreción dos obxectivos para curso	12-19
d	Concreción para cada estándar	20-48
	1º.- Temporalización	20-48
	2º.- Grao mínimo de consecución	20-48
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	20-48
e	Concrecións metodolóxicas	49-52
f	Materiais e recursos didácticos	51-52
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	54-55
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	59-60
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	58-59
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	53
k	Avaliación inicial e medidas	53
l	Medidas de atención á diversidade	61-62
m	Concreción de elementos transversais	20-48
n	Actividades complementarias e extraescolares	63
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	59-60

13.- ANEXO COVID

TIPO DE EDUCACIÓN	SEGUIMIENTO DAS CLASES	METODOLOXÍA	ESTÁNDARES	AVALIACIÓN
EDUCACION SEMIPRESENCIAL Por alumnado, positivo ou corentena dentro dun grupo. Por un período indeterminado, no caso de alumnado positivo, e por 15 días, no caso do alumnado en corentena.	Cando? 2/3 sesións semanais	Actividades Ampliación e reforzo	Os que se traballen durante o período semipresencial no grupo ordinario.	Procedementos: Observación do traballo, probas ou exames (sempre que sexa posible).
	Como? Por videoconferencia (Webex) aula virtual, correo electrónico, vídeos gravados ou tutoriais.	Metodoloxía Explicación e actividades de reforzo e ampliación.		Instrumentos: - Rúbricas de avaliación para as probas e exames - Rexistros de observación para a valoración do caderno e do traballo.
		Materiais e recursos Libro, apuntes, boletíns de exercicios e cuestións, vídeos, Aula virtual, Webex.		Cualificación final: A establecida na PD de referencia.
EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL De todo o grupo, por un período indeterminado.	Cando? 2/3 sesións semanais	Actividades Ampliación e reforzo	Os que se traballen durante o período semipresencial.	Procedementos: Observación do traballo, probas ou exames (sempre que sexa posible).
	Como? Por videoconferencia (Webex) aula virtual, correo electrónico, vídeos gravados ou tutoriais.	Metodoloxía Explicación e actividades de reforzo e ampliación.		Instrumentos: - Rúbricas de avaliación para as probas e exames - Rexistros de observación para a valoración do caderno e do traballo.
		Materiais e recursos Libro, apuntes, boletíns de exercicios e cuestións, vídeos, Aula virtual, Webex.		Cualificación final: A establecida na PD de referencia.
EDUCACIÓN NO PRESENCIAL No caso de confinamento ou peche do IES	Cando? Horario fixado polo centro.	Actividades Ampliación e reforzo	Os que teñan un valor do 100% na programación de referencia.	Procedementos: Observación do traballo, probas ou exames (sempre que sexa posible).
	Como? Por videoconferencia (Webex) aula virtual, correo electrónico, vídeos gravados ou tutoriais.	Metodoloxía Explicación e actividades de reforzo e ampliación.		Instrumentos: - Rúbricas de avaliación para as probas e exames - Rexistros de observación para a valoración do caderno e do traballo.
		Materiais e recursos Libro, apuntes, boletíns de exercicios e cuestións, vídeos, Aula virtual, Webex.		Cualificación final: A establecida na PD de referencia modificado ou non segundo a decisión tomada polo centro.